

| | |
|--------------------------------|---|
| Referencia: | 2024/2267J |
| Procedemento:: | Expedientes de concesión de subvenciones por concurso en materia de servicios sociales, igualdad, empleo y bienestar |
| Interesado: | |
| Representante: | |
| ÁREA DE BENESTAR (4472) | |

**CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O
CONCELLO DE PIÑOR
PROGRAMA TERMAL CONTRA A SOIDADE NON DESEXADA 2024**

En Ourense, no Pazo Provincial, o 29 de febreiro de 2024, comparecen:

Dunha parte,

A Deputación Provincial de Ourense e, no seu nome e representación, o seu presidente, don Luís Menor Pérez, que actúa no exercicio do seu cargo en virtude de nomeamento por acto de plenario do 17 de xullo de 2023 no exercicio da atribución conferida pola base 2ª, apartado 3, das bases reguladoras do concurso para a concesión de subvencións para o Termalismo Saudable, Cultura Termal e Programa Termal contra a Soidade Non Desexada, publicado no BOP de Ourense núm. 22, do 30 de xaneiro de 2024.

Doutra parte,

O Concello de Piñor, e actuando na súa representación o seu alcalde don José Luis González Rodríguez, que actúa no exercicio do seu cargo en virtude de nomeamento por acto de plenario do día 17 de xuño de 2023.

Os comparecentes recoñécense, no concepto no que respectivamente interveñen, a capacidade legal suficiente para asinar o presente convenio de colaboración e, na súa virtude,

EXPOÑEN

1º) Que, con data 30 de xaneiro de 2024, publicouse no Boletín Oficial da Provincia núm. 22, as bases reguladoras da convocatoria pública para a concesión, mediante concurso público, de subvencións para o fomento do Termalismo Saudable e a Cultura Termal na provincia de Ourense, correspondentes ó exercicio 2024.

Dentro do obxecto da dita convocatoria recóllese na súa base segunda, o “Programa Termal contra a Soidade Non Desexada”. Este programa implica o acceso a unha terapia colectiva que será ofertada por cada establecemento balneario que participe e que se desenvolverá en grupo de, como máximo, vinte (20) persoas, cunha duración entre 6 e 9 meses segundo a oferta de cada un dos balnearios participantes.

2º) Na base quinta das reguladoras deste Programa, recóllese que unha forma de acceso a este Programa para as persoas beneficiarias será a través do convenio asinado entre esta Institución Provincial e o Concello onde residan.

Polo exposto, os comparecentes acordan outorgar o presente convenio de colaboración, con suxeición ás seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio.

O presente convenio ten por obxecto regular os dereitos e obrigas entre a Deputación de Ourense e a entidade local asinante para facilitar a participación no Programa Termal contra a Soidade Non Desexada para o ano 2024.

Segunda.- Dereitos e obrigas da entidade local

En virtude do establecido no presente convenio, a entidade local asinante adquire os dereitos e obrigas seguintes:

1. Informar ás persoas interesadas, do “**Programa Termal contra a Soidade Non Desexada**” subscrito polo Concello (datas de desenvolvemento, requisitos de acceso, contía da subvención etc.).
2. Xestionar as solicitudes de participación no “Programa” daquelas persoas interesadas que cumpran as condicións para acceder ao Programa, segundo se recollen nas bases reguladoras.
3. Informar sobre a “idoneidade social” da participación no Programas das persoas solicitantes.
4. Informar ás persoas beneficiarias que, dentro do Programa Termal contra a Soidade Non Desexada, se inclúen os servizos seguintes:
 - a. Tratamentos balnearios Terapéuticos, (sen estancia no establecemento) incluíndo o dereito ó uso dunha técnica balnearia por persoa e semana, ao longo dun mínimo de seis meses e un máximo de nove meses, que virá definido polo establecemento balneario onde se desenvolverá o “Programa”.
 - b. Tramitación ante a Deputación de Ourense dunha subvención de 85,00€ por persoa e programa, en programa cunha duración de 6 meses, esta contía incrementarase en 5€, por persoa e mes, cada mes que supere a duración mínima, ata un máximo de 9 meses de duración e 100€ de subvención, que será descontado directamente do prezo final da súa participación no Programa polo establecemento balneario seleccionado.
5. Difundir polos medios ó seu alcance a existencia do programa, e facer constar, en todo o material de información e publicidade referente ao Programa a participación da Deputación Provincial de Ourense.
6. Comunicarlles ós servizos da Área de Benestar da Deputación Provincial calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das actuacións de prestación dos servizos, incluíndo as queixas, reclamacións ou suxestións que poidan formular os beneficiarios, e colaborar cos servizos provinciais na súa resolución dun xeito áxil e eficaz.
7. Ofertar e contratar para as persoas beneficiarias, pola exclusiva conta da entidade local e sempre con carácter voluntario, servizos adicionais que non sexan obxecto de subvención.

Terceira.- Dereitos e obrigas da Deputación Provincial.

En virtude do presente convenio a Deputación Provincial adquire os seguintes dereitos e obrigas:

1. Xestionar cos establecementos balnearios o Programa Termal contra a Soidade Non Desexada que se ofertará ao Concello.
Xestionar e resolver o procedemento de concesión de subvencións para o Programa Termal contra a Soidade Non Desexada, correspondente ó exercicio 2024, de xeito que as persoas seleccionadas pola entidade local poidan dispoñer das prazas subvencionadas a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.
2. Manter informada á entidade local sobre a xestión do Programa. A información poderá incluír datos estatísticos sobre o tipo de servizos que se oferten, participación das persoas beneficiarias e outros, garantindo sempre, en todo caso, a protección dos datos persoais das solicitantes, que non serán facilitados.
3. Comunicarlle ó establecemento balneario ofertante do Programa, a relación das persoas beneficiarias das subvencións, cos datos de contacto necesarios para a xestión das prazas.
4. Pagarlles aos establecementos as subvencións correspondentes ás persoas beneficiarias polos servizos efectivamente prestados a estes por aqueles.
5. Informar ós interesados, e, en particular, ás persoas beneficiarias, dos seus dereitos e obrigas, atendendo as súas queixas e suxestións, e xestionando a solución das incidencias detectadas coa maior eficacia e axilidade posible.
6. A Deputación Provincial resérvase o dereito de conceder ou denegar as subvencións solicitadas, así como á declaración da perda do dereito ás ditas subvencións, conforme ó establecido nas bases reguladoras e na lexislación de subvencións vixente.
7. A Deputación Provincial de Ourense poderá incluír dentro deste Programa Termal aquelas persoas que cumpran os requisitos previstos nestas bases. Esta posibilidade só será posible cando existan prazas vacantes dentro deste Programa Termal.
8. Poderá inspeccionar e controlar o desenvolvemento das súas funcións por parte da entidade local adherida.

En todo caso, tanto a Deputación de Ourense como a entidade local asinante serán alleas a todo tipo de incidencias que poidan xurdir na relación de servizos dos/as beneficiarios/as cos establecementos balnearios, agás cando estas afecten ó contido da relación subvencional cos beneficiarios ou ós dereitos e obrigas recollidos no presente convenio.

Cuarta.- Vixencia do convenio.

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, entendendo a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Quinta.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento e control das actuacións previstas neste convenio, créase unha comisión mixta, composta por un representante por cada unha das partes asinantes á que lle corresponderá velar polo bo desenvolvemento deste e resolver as controversias que poidan xurdir na súa execución. Esta comisión estará presidida polo presidente da Deputación Provincial ou persoa na que delegue.